



Tertulias literarias

BIBLIOTECA DE SANTA CRUZ outubro – decembro 2019



Hijos del ancho mundo, de Abraham Verghese



Unha historia apaixonante que segue aos irmáns Stone, nados nun hospital misionero de Adis Abeba. O relato esténdese a través da India, África e América ao longo de cinco décadas, creando así un gran fresco dun país descoñecido para a maioría como é Etiopía.

Presentación e entrega: 15 outubro

Comentario: 12 novembro

Astrid y Veronika, de Linda Olsson



Tras unha perda recente, Veronika, unha escritora, instálase nunha casa no interior de Suecia. Alí o seu único contacto co mundo é Astrid, unha muller taciturna que habita a única casa dos arredores. En aparencia, as dúas mulleres teñen pouco en común. Con todo, a partir dunha circunstancia imprevista, ambas inician unha fráxil relación que vai creando entre elas un espazo de intimidade.

Entrega: 12 novembro

Comentario: 26 novembro

Os vellos non deben de namorarse, de Castelao




Os amores de anciáns e mozas, un tema popular para unha farsa de gran influencia no teatro galego. "Os vellos non deben de namorarse" é unha excelente mostra das ideas e das capacidades teatrais de Castelao, que logrou plasmar nesta peza un mundo escénico no que a tradición popular galega avivece en contacto coas tendencias renovadoras do teatro europeo.

Entrega: 26 novembro

Comentario: 10 decembro

El sentido de un final, de Julian Barnes



Eran catro amigos de instituto que atravesaron xuntos unha desgarrada adolescencia cunha permanente seca de mozas, intercambiando poses, humor e enxeño e que se prometeron seguir sendo amigos para sempre. Con todo, despois de que a traxedia golpease a un deles, o resto mirou cara a outro lado. Anos despois, un deles recibe o legado do falecido.

Entrega: 10 decembro

Comentario: 14 xaneiro